

home = 'humano' 'macho'
can = 'animal' 'canino' 'doméstico' 'macho'



O significado posúe unha estrutura sutil e complexa que pode ser estudada de forma sistemática, como se fai na fonoloxía, na morfoloxía, na sintaxe...

A semántica

O curso pasado presentamos as partes que forman o signo lingüístico (significado e significante), as cales constitúen un todo indisoluble. A disciplina lingüística que se ocupa do estudo do significado dos signos, e das relacións que estes manteñen entre si a través do seu significado, é a **semántica**.

Ter como materia de estudo os significados (conceptos ou contidos mentais non-perceptibles directamente) supón, de certo, unha dificultade. Con todo, a semántica desenvolveu un método de análise que permite estudar os significados, as súas partes, as súas relacións...

Así, por exemplo, a análise semántica do significado da palabra *home* indica que está composto por un conxunto de trazos significativos mínimos, que reciben o nome de **semas**.

home = $\frac{\text{'humano'}}{\text{sema 1}} \frac{\text{'macho'}}{\text{sema 2}}$

Do mesmo xeito que ocorría cos fonemas, o sema (unidade semántica mínima) ten valor distintivo, é dicir, permite diferenciar uns signos doutros.

FONEMA (FONOLOXÍA)

/sála/ /bála/

Os fonemas /s/ e /b/ distinguen dous signos.

SEMA (SEMÁNTICA)

home = 'humano' 'macho'

muller = 'humano' 'femia'

Os semas 'macho' e 'femia' distinguen tamén dous signos (*home* e *muller*).

Fíxate

A relación entre significado e significante non sempre é biunívoca, isto é, a un único significante non lle corresponde necesariamente un único significado.

*Cambiou a **defensa**.*

Para evitar ambigüidades cómpre ter en conta o *contexto lingüístico* e a *situación*.

O **contexto lingüístico** dunha palabra é o conxunto de voces coas que esta forma un enunciado.

[O avogado] cambiou a **defensa**.
 / [A adestradora] cambiou a **defensa**. / [O mecánico] cambiou a **defensa**.

A **situación** (ou contexto extralingüístico) dunha mensaxe é o conxunto de circunstancias (quen fala?, onde?, a quen?, cando?, para que?...) en que esta se dá.

*Cambiou a **defensa**. (nun xuízo) / (nun partido) / (nun taller)*

Significado denotativo e connotativo

Como acabamos de ver, o significado dunha palabra pode ser descomposto en trazos significativos mínimos (ou semas). Estes caracterizan obxectivamente o referente que a palabra designa. É o que chamamos **significado denotativo**.

home = 'humano' 'macho'

O significado denotativo aparece nos dicionarios e a súa interpretación depende do coñecemento que se teña da lingua.

Pero os signos lingüísticos non son unidades illadas, senón que forman parte dun sistema de comunicación complexo (a lingua) no seo dunha sociedade. Isto explica que moitos signos leven asociados, ao lado dos semas denotativos, valores de moi diversa índole: afectivos (± cariñoso, ± despectivo), estilísticos (± culto, ± coloquial, ± vulgar), ideolóxicos, culturais... Este conxunto de asociacións ligadas aos signos reciben o nome de **significado connotativo**. Os seguintes exemplos poden resultarche ilustrativos.

*Aquel **home** foi o responsable do accidente.*

home = 'humano' 'macho'

*Aquel **fulano** foi o responsable do accidente.*


fulano = 'humano' 'macho' (+ despectivo) (+ coloquial)

significado connotativo

O significado connotativo non adoita aparecer nos dicionarios e a súa interpretación depende do contexto concreto no que se presente.

► Campos semánticos

Na páxina anterior vimos que o significado das palabras pode ser analizado e descomposto en trazos significativos mínimos, ou semas. Por exemplo:



É frecuente que, no léxico dunha lingua, existan algunhas palabras que comparten un mesmo sema. Por exemplo:

banqueta = 'asento' 'con patas' 'sen respaldo' 'para unha persoa'

sofá = 'asento' 'brando' 'con respaldo e brazos' 'para varias persoas'

mexedor = 'asento' 'con respaldo' 'con oscilación' 'para unha persoa'

As palabras anteriores teñen unha serie de semas que axudan a establecer oposicións entre elas ('con respaldo', 'para unha persoa'...), pero ao compartiren o sema 'asento', constitúen o campo semántico dos asentos.

Xa que logo, **campo semántico** pode definirse como o conxunto de palabras que comparten un mesmo sema e que se opoñen entre elas por presentaren outros semas diferentes.

Amais do concepto de sema, cómpre ter en conta outros dous conceptos tamén importantes: o **semema**, ou conxunto de semas que caracteriza unha palabra e o **arquisemema**, o sema común a todos os termos do campo.

'asento' 'con patas' 'con respaldo' 'para unha persoa' constitúen **o semema** da palabra **cadeira**.

'asento' é o **arquisemema** das palabras **cadeira, banqueta, sofá, mexedor**...

Os estudosos da semántica, a través dun sistema de análise chamado **análise componencial**, determinaron a estrutura de numerosos campos semánticos: os asentos, os fenómenos meteorolóxicos, as relacións de parentesco, os cursos de auga...

Imos ver como se aplica a análise componencial ao *campo semántico dos asentos*.



Fíxate

O estudo semántico comparativo de linguas diferentes demostra que **o home pode categorizar a realidade de formas ben dispares**. Por exemplo, de estudarmos o campo semántico das cores en distintos idiomas, vemos que:

- O esquimó (lingua de América do Norte e Groenlandia) ten unhas **doce palabras para designar o noso branco**.
- O hanuó (lingua filipina) posúe **unha escala de só catro cores**: (ma)biru (negro e matices escuros doutras cores), (ma)lagti (branco e matices claros doutras cores), (ma)rara (marrón, vermello e laranxa) e (ma)latuy (verde, amarelo e castaño claro).

	SEMA 1 'ASENTO'	SEMA 2 'BRANDO'	SEMA 3 'CON PATAS'	SEMA 4 'CON RESPALDO'	SEMA 5 'CON BRAZOS'	SEMA 6 'PARA UNHA PERSOA'	SEMA 7 'CON OSCILACIÓN'
cadeira	+	±	+	+	±	+	-
banqueta	+	-	+	-	-	+	-
sofá	+	+	+	+	+	-	-
butaca	+	+	+	+	+	+	-
banco	+	-	+	±	-	-	-
mexedor	+	-	-	+	+	+	+

Fíxate


Os sinónimos teñen moita utilidade na lingua, pois permítenlle ao emisor seleccionar o termo que mellor se axuste ao que quere expresar ou mesmo evitar a repetición de palabras.

Relacións semánticas

É moi habitual que se dean distintos tipos de relacións entre os signos en función da identidade ou oposición dos seus significados. Estas relacións reciben o nome de **relacións semánticas** e, basicamente, poden ser clasificadas en tres grupos: nas que se dá unha identidade de significados (sinonimia), nas que hai unha identidade de significantes (polisemia e homonimia) e nas que existe unha oposición de significados (antonimia).

Sinonimia

Dous signos poden relacionarse entre si porque, tendo **significantes distintos**, comparten un **mesmo significado**.



Lucecú e vagalume son voces sinónimas.

Fíxate

A estruturación xerárquica do léxico permite identificar outras relacións semánticas baseadas na **inclusión ou subordinación**. Son a **hiperonimia**, a **hiponimia** e a **cohiponimia**.

A **hiperonimia** é a relación que se establece entre un signo de significado extenso ou xeral e outro de significado máis concreto ou específico incluído dentro del.

peixe (hiperónimo) > **xurelo**

A **hiponimia** é a relación inversa; é dicir, a que se establece entre un signo con significado concreto ou específico e outro cun significado máis amplo ou xeral que abrangue o anterior.

xurelo (hipónimo) < **peixe**

A **cohiponimia** é a relación que se establece entre hipónimos que comparten un mesmo hiperónimo.

xurelo, sardiña, meiga, linguado son **cohipónimos** porque comparten o mesmo hiperónimo (**peixe**).


Os sinónimos poden ser de dous tipos: *perfectos ou totais* e *imperfectos ou parciais*.

- Os **sinónimos perfectos ou totais** son pouco frecuentes na lingua e poden intercambiarse en todos os contextos. Comparten o mesmo significado denotativo e connotativo e os mesmos contextos. É o caso de *vagalume* e *lucecú*.
- Os **sinónimos imperfectos ou parciais** son os máis abundantes e poden intercambiarse só nalgúns contextos.

Existe sinonimia parcial, por exemplo, cando dous signos comparten o mesmo significado denotativo pero teñen un significado connotativo diferente. Por exemplo: *esposa* e *parenta* serían sinónimos parciais debido aos seus diferentes significados connotativos.

Xoán vai separarse da súa { *esposa* (+ culto)
parenta (+ coloquial)

Tamén existe sinonimia parcial cando dous signos comparten o mesmo significado nuns contextos e noutros non. Vexamos este exemplo coas palabras *cortar* e *amputar*.




► Polisemia e homonimia


Estes dous tipos de relacións semánticas teñen en común a súa orixe na propia evolución histórica das linguas e a asociación de significados distintos a un mesmo significante. Porén, son fenómenos distintos que cómpre diferenciar correctamente.

Polisemia

A polisemia é a relación oposta á sinonimia, é dicir, a un **mesmo significante** correspóndenlle **dous ou máis significados**.




A polisemia xorde cando un signo lingüístico vai gañando, ao longo da historia da lingua, novos significados ou acepcións. Estas acepcións están, normalmente, emparentadas entre si.



As voces polisémicas aparecen nunha **única entrada** do dicionario, na cal se van dando os seus diferentes significados ou acepcións, adoito marcados con números consecutivos.

Homonimia



Na homonimia, desde un punto de vista diacrónico, estamos ante dous signos distintos. De feito, o que se dá é unha **identidade puramente casual entre dous significantes**, é dicir, ao longo da súa evolución histórica, dúas palabras distintas coincidiron na súa forma.



Nos dicionarios, as voces homónimas considéranse signos distintos e aparecen en **entradas diferentes** con cadanseu significado.

Fíxate

Na lingua tamén hai voces cun só significado, son as palabras **monosémicas**, abundantes sobre todo na linguaxe técnica e científica: *protón, cinc, hidróxeno...*



Folla é unha palabra polisémica.

Fíxate

Ás veces, atopamos casos de homonimia parcial. Esta clasifícase en **homofonía** e **homografía**:

Homofonía. Tipo de homonimia na que a identidade entre os significantes se dá na pronuncia pero non na escrita.

revelar - rebelar

hora - ora

Homografía. Tipo de homonimia na que a identidade entre os significantes se dá na escrita pero non na pronuncia.

elixir [j] - elixir [ks]

besta [e] - bésta [ε]

A DEFINIÇÃO DE PALABRAS


Para as palabras con significado léxico, distinguimos **tres tipos de definición**:

- **Definición antonímica**: a unidade léxica explícase polo seu contrario. Ex.: *Solteiro*: *que non está casado*.
- **Definición sinónímica**: a unidade léxica da entrada remite a outras da mesma categoría e de igual significado. Ex.: *Importe*: *contía, custo, prezo*.
- **Definición hiperonímica**: a unidade definida remítese a unha categoría semántica maior, o seu hiperónimo (trazo xeral); e logo engádenselle outras informacións (trazos específicos). Os lexicógrafos ven este como o tipo de definición ideal. Ex.: *Vaso*: *recipiente de diversos materiais, polo común de forma cilíndrica, que serve para beber*.

Por último, lembra que cómpre ser conciso, claro e nunca podes usar a palabra que estás a definir na propia definición.

Antonimia

Recibe o nome de antonimia a relación que se establece entre dous signos pola **oposición** dos seus **significados**. É o fenómeno contrario á sinonimia.



A natureza destas oposicións é diversa. En base a esta diversidade, os lingüistas adoitan establecer tres clases de antonimia: as derivadas de *oposicións graduais*, de *oposicións complementarias* e de *oposicións recíprocas*.

Oposicións graduais (ou antonimia propiamente dita)

Estas relacións non se fundamentan na oposición de propiedades absolutas, senón en trazos graduais. Este carácter de gradación permite atopar outros termos intermedios.

grande / pequeno (pero tamén *normal*)

baleiro / cheo (pero tamén *mediado*)

Ás veces, a riqueza da lingua permite usar unha ampla escala gradativa de termos que se achegan a un polo ou ao outro da oposición.

xeado - frío - fresco - morno - quente - fervente

Oposicións complementarias

Dáse este tipo de relación entre significados que manteñen unha oposición ou negación mutua; é dicir, a afirmación dun deles supón a negación do outro.

calar / falar (*calar* = *non falar*)

vivo / morto (*vivo* = *non morto*)

tónico / átono (*tónico* = *non átono*)

Oposicións recíprocas

Prodúcese este tipo de oposición con palabras que expresan unha relación dalgún tipo entre dous elementos (causas, procesos...). Estas relacións implícanse mutuamente e non poden ser entendidas por separado.

comprar / vender

(se A vende a B, B compra a A)

pai / fillo

(se A é pai de B, B é fillo de A)

xenro / sogro

(se A é xenro de B, B é sogro de A)



Dar e recibir son palabras antónimas recíprocas.

► Cambios semánticos

Todos os aspectos dunha lingua (fonética, morfoloxía...) sofren transformacións ao longo da historia. Se cadra, o ámbito do significado é un dos que máis se ve afectado polas transformacións. Así, hai palabras que deixan de usarse porque xa non son útiles pois fan referencia a realidades que non existen, evocan algo que resulta desagradable... e comezan a usarse outras (préstamos e neoloxismos) que designan realidades novas e que enriquecen o léxico.

► Causas dos cambios semánticos

A complexidade e variedade das evolucións semánticas é moi grande. As causas destes cambios poden clasificarse en catro tipos:

- **Históricas.** Co paso do tempo, é frecuente a evolución de obxectos, costumes, institucións... No que atinxe á lingua, estas transformacións provocan a aparición de novas palabras e, máis acotío, a ampliación de significados de voces xa existentes. Por exemplo: *pluma* 'apéndice da pel das aves': 'pluma de ave para escribir': 'aparello con depósito de tinta para escribir'.
- **Psicolóxicas.** Asociacións mentais provocan que algunhas palabras cambien ou amplien a súa significación. Entre os mecanismos que provocan estes cambios están a *metáfora* e a *metonimia*. Por exemplo: *dente* 'da boca': 'de allo' (metáfora: apréciase certa similitude máis ou menos subxectiva) ou *ribeiro* 'comarca': 'viño desa comarca' (metonimia: relación orixe-produto).
- **Sociais.** As sociedades rexeitan certas realidades ou conceptos; e, con eles, as palabras que os designan (**tabú**). Xorde entón a voz substitutoria: o **eufemismo** (*termo meliorativo*), que pretende suavizar ou eliminar as connotacións negativas da outra palabra. Por exemplo: *cego* (tabú): *invidente* (eufemismo).
- O fenómeno oposto é o **disfemismo** (*termo pexorativo*), que busca asignar-lles a certas voces connotacións negativas ou xocosas. Por exemplo: *coche*: *carrilana* (disfemismo).
- **Lingüísticas.** Algúns cambios semánticos derivan das asociacións que as palabras contraen entre si na fala. Un dos recursos que xera este tipo de cambios é a *elipse*: un elemento gaña a significación da voz elidida. Por exemplo: (*tarxeta*) *postal*: *postal*.

MECANISMOS DOS CAMBIOS SEMÁNTICOS

Os principais mecanismos para cambiar o significado das palabras novas son:

- **Metáfora:** traslado de significación por semellanza dos significados de dúas palabras: *ollo da cara/ollo dunha agulla...*
- **Metonimia:** traslado de significación por contigüidade de significados: *un viño Ribeiro: un ribeiro...*
- **Elipse:** traslado de significación por contigüidade de significantes que adoitan aparecer no mesmo contexto: *un (café) cortado...*

Fíxate

Decote o **eufemismo acaba desgastándose** como tal e ten que ser substituído por outro novo. Isto pode dar lugar a series eufemísticas máis ou menos longas.

latrina > retrete > váter > servizo

► Consecuencias dos cambios semánticos

Os cambios semánticos poden manifestarse de diversas formas: *creando* palabras novas, *perdendo* outras e tamén *cambiando* ou *ampliando* o significado doutras xa existentes.

CREACIÓN DUNHA NOVA PALABRA

Xorde unha nova realidade e créase unha nova palabra para designala: **neoloxismo**.

Exemplo: *ecoloxía*, *beirarrúa*...

PERDA DUNHA PALABRA

Desaparece unha realidade (cousa, concepto...) e a voz que a designa desaparece con ela: **arcaísmo**.

Exemplo: *concela* ('cosmético vermello usado na Idade Media')

CAMBIO DE SIGNIFICADO

Son vocábulos presentes desde antigo na lingua que cambiaron o seu significado por outro novo.

Exemplo: *vilán*: (antes) 'habitante dunha vila' / (agora) 'persoa que actúa de xeito ruín'

AMPLIACIÓN DE SIGNIFICADO

Son palabras que foron engadindo novas acepcións a un significado inicial: **palabras polisémicas**.

Exemplo: *serra* 'Significado 1: 'ferramenta dentada para cortar' / Significado 2: 'sucesión de montañas'